



## Convenio da sanidade privada da Coruña

### mediación do luns 14 de maio

No día de onte, luns 14 de maio, tivo lugar a 2ª das reunións da mediación no seo do CGRL, na cal a patronal presentou a súa proposta.

**CIG – Saúde considera inaceptable o recollido na proposta da patronal: insiste en manter os recortes, propón unhas táboas salariais insuficientes, reduce a xornada de xeito insuficiente e segue sen recoñecer o cobro nos domingos.**

A patronal propón chegar a 1760 horas no 2026, subidas salariais dun 3% no 2024 ou un 3,5% no 2026, deixa fóra do calculo do SMI o cobro dos festivos pero non a antigüidade....son só **algúns dos puntos que nos deixan moi lonxe do acordo.**

**CIG-Saúde** comprometeuse a remitir unha **nova proposta**, co fin de achegar posturas ao máximo, **sen renunciar ao xa conquistado**, e facer todo o posible para a **sinatura dun bo convenio.**

Nesta proposta recolleremos:

- acordo de xornada, cun máximo anual e semanal
- recoñecemento do cobro dos domingos
- plus de toxicidade nas clínicas dentais e demais centros
- Deixar fóra do calculo do SMI o complemento de antigüidade, toxicidade e domingo (sumado ao de nocturnidade e festivos xa proposto pola patronal)
- Proposta de táboas salariais
- mellora da redacción nas licenzas, vacacións,...

**Faremos todo o que estea nas nosas mans para chegar a un bo acordo.**

**De non ser posible, volveremos a esixilo en cada centro de traballo.**

